




As Matemáticas e a Astronomía en Galicia

Iván Fernández Pérez, José Ángel Docobo

Biblioteca de Divulgación, Serie Galicia

Servizo de Publicacións da USC, 2011

Malia que poida semellar o contrario, o interese científico en certas áreas remóntase en Galicia a tempos antigos. Dende o século XVIII á actualidade, este novo título da serie *Galicia* da «Biblioteca de Divulgación» achega o lector á historia da actividade docente e investigadora no eido das matemáticas e a astronomía en Galicia. De coautoría do investigador Iván Fernández e o catedrático e director do Observatorio Astronómico da Universidade, José Ángel Docobo, o libro é un minucioso percorrido por institucións e persoas, que recupera a

obra e dimensión de figuras senlleiras no desenvolvemento das ciencias matemáticas, a astronomía e a astrofísica —moi nomeadamente a do sabio dezán Ramón María Aller, que hoxe dá nome ao Observatorio Astronómico universitario—. A obra enriquecese con numerosas imaxes de persoas, edificios, mapas, libros ou aparellos, que testemuñan a fonda raigame dun desenvolvemento científico autenticamente meritorio.

A «Biblioteca de Divulgación» foi creada en 1980 por iniciativa da súa dende entón directora, Mercedes Brea, e publicou ata momento 33 volumes en lingua galega consagrados aos máis variados aspectos da historia, a lingua, a literatura, a xeografía, a economía, a etnografía ou a socioloxía de Galicia.